




Area / Unidade MERCADOS PS4000 MPT	Documento 52519I001C	
Código de verificación  3267 5A43 4509 3F11 05LE	Expediente 525/2024/69	
	Data 13-01-2025	

## PREGO DE PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS

### PREGO DAS PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS REGULADOR DA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA O OUTORGAMENTO DE AUTORIZACIÓNS DE EXPLOTACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO NO MERCADO DE SAN AGUSTÍN PARA A SÚA DINAMIZACIÓN A TRAVÉS DA ORGANIZACIÓN DE MERCADILLOS, FEIRAS E ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA

#### 1. OBXECTO

1.1.-O obxecto do presente documento é regular as condicións para a adxudicación de autorizacións de explotación de espazos determinados de dominio público, sitios na planta superior do Mercado Municipal de San Agustín para a súa dinamización, a través da organización de eventos (mercadillos, feiras e actividades complementarias de lecer e de promoción dos distintos produtos obxecto de venda) e captación de participantes, cun mínimo de 12 postos por evento.

O obxectivo deste tipo de eventos, de carácter innovador, é, a dinamización do mercado e do tecido empresarial e emprendedor da contorna do mercado e da cidade, favorecendo as actividades comerciais e poñendo en valor ao pequeno comercio, e ao comercio de cercanía, promocionando os distintos produtos obxecto de venda nos postos do referido mercado, coa finalidade de potenciar o seu coñecemento entre os cidadáns.

Adxúntase plano.

1.2. Inclúense entre as prestacións destas autorizacións para uso privativo de espazos de dominio público, con carácter enunciativo e non limitativo, a organización e instalación de cuantos elementos requíranse para a posta en marcha dos eventos, a xestión no referente á



# Concello da Coruña

adscripción de participantes e natureza dos postos de venda, coas limitacións sinaladas neste prego.

1.3. Ademáis do sinalado no presente prego, as entidades adxudicatarias respectarán íntegramente a totalidade da normativa sectorial e técnica que resulte de aplicación, segundo a natureza das diferentes actuacións definidas ou sinaladas nas súas ofertas.

## 2. FINALIDADE

A finalidade que se persegue é levar a cabo accións de dinamización que dean a coñecer e poñan en valor os mercados como unha opción de consumo de calidade responsable e diferenciada. Ademáis, preténdese dar a coñecer e achegar á cidadanía a oferta comercial e gastronómica máis singular da nosa cidade, os produtos artesanais, a moda sostible, os produtos ecolóxicos, produtos de proximidade e aquelas actividades que sirvan para a promoción e posta en valor dos mercados municipais.

## 3. USO DO ESPAZO

Os espazos comúns do mercado de San Agustín poderán ser utilizados para os seguintes usos, con carácter enunciativo e non limitativo:

- Mercadillos gastronómicos.
- Mercadillos artísticos e culturais.
- Mercadillos artesanais, incluídos os de moda sostible.
- Mercadillos de artigos vintage e/ou de segunda man.
- Feiras de economía social.
- Outro tipo de mercadillos, a proposta dos licitadores.

Poderanse combinar varias das opcións de venda de produtos anteriormente sinaladas.

As propostas de mercadillos gastronómicos serán valoradas en función da memoria presentada para o seu desenvolvemento, podendo superarse a limitación dos locais destinados a hostalería sinalada a continuación.

En caso de mercadillos doutro tipo, non relacionados coa hostalería/gastronomía, os postos destinados a hostalería/gastronomía serán como máximo a metade da totalidade dos postos.



# Concello da Coruña

No caso de propostas englobadas en “Outro tipo de mercadillos” será potestativa por parte do Concello a decisión sobre a súa celebración.

Os mercadillos terán lugar preferentemente cunha frecuencia mensual, en principio a segunda fin de semana do mes, podendo adaptarse a data en función da coincidencia con días festivos ou coa celebración doutros eventos na cidade, de mutuo acordo entre Concello e empresa adxudicataria e buscando sempre a máxima afluencia de visitantes.

O horario poderá ser, a elección da entidade adxudicataria desde o venres ás 11 horas ata as 21 horas; os sábados, desde as 11:00 horas ata as 21:00 horas e o domingo, desde as 11:00 horas ata as 20:00 horas.

Os licitadores poderán presentar propostas de celebración de mercadillos que poderán adaptarse ás finalidades expostas no epígrafe 3.1 con carácter enunciativo ou ben, poderán propoñer outro tipo de actividades, sempre que manteñan o obxectivo principal de fomentar a utilización dos mercados municipais por parte da cidadanía.

Establécense 12 lotes de eventos coincidentes con doce fins de semana, preferentemente un o mes, aínda que as datas adaptaranse ás circunstancias.

O contrato distribúese así en 12 lotes, co seguinte detalle:

Lote 1: Xaneiro

Lote 2: Febreiro

Lote 3: Marzo

Lote 4: Abril

Lote 5: Mayo

Lote 6: Xuño

Lote 7: Julio

Lote 8: Agosto

Lote 9: Setembro

Lote 10: Outubro

Lote 11: Novembro

Lote 12: Decembro



# Concello da Coruña

Pode darse o caso, de conformidade entre Concello e entidade adxudicataria, que algún evento celébrese no mes seguinte ou anterior, coa finalidade de buscar a máxima participación e asistencia de público.

A adxudicación, farase de acordo co sinalado no prego de condicións administrativas.

## 3.1.-Captación

As entidades adxudicatarias deberán captar un mínimo de 12 postos por evento. Para a captación de postos priorizaranse os postos dos diferentes mercados municipais coruñeses, outros mercados da cidade, así como o pequeno comercio e pemes ou micropemes da Coruña que manifesten o seu interese en participar, así como as entidades de economía social, asociacións, entidades sen ánimo de lucro...

Coa finalidade de dinamizar os eventos, en cada un deles, cuxo obxecto non sexa a gastronomía, poderán establecerse ata a metade do total, postos destinados a produtos gastronómicos, degustación, hostalería, etc, en convivencia co obxecto do mercado en si.

### Accións complementarias de animación dos eventos:

Paralelamente ao desenvolvemento dos eventos, e dentro da súa franxa horaria, poderán desenvolverse accións de dinamización e animación como efecto chamada de asistencia ás instalacións do mercado. Estas accións non deberán interromper o bo uso do mercado na súa actividade ordinaria, no que respecta ao volume do son ou outras incomodidades que poidan ocasionar.

A entidade adxudicataria, para o desenvolvemento destas actividades, poderá buscar patrocinios.

O acceso e goce destas actuacións deberá ser gratuíta para o público.

## 3.2.-Publicidade

A empresa ou entidade adxudicataria deberá publicitar a celebración destes eventos a través das redes sociais e demais medios que considere oportunos, debendo recoller nesta publicidade, a colaboración/participación do Concello da Coruña.



# Concello da Coruña

## 4.- DURACIÓN DA XESTIÓN DA EXPLOTACIÓN

O presente prego, regula as condicións da explotación do espazo, para o período comprendido nos anos 2025-2027(ambos incluídos), pero a duración de cada autorización será por un ano, podendo ser obxecto de renovación, a súa finalización, hasta en dúas ocasións. Ao finalizar estes tres anos, poderá prorrogarse a autorización un ano máis. (Artigo 92.3 da Lei 33/2003 de Patrimonio das Administracións Públicas, precepto de carácter básico).

## 5.- ACHEGA MUNICIPAL

O Concello achegará os seguintes elementos:

5.1 As instalacións e servizos inherentes ao mercado

5.2. Limpeza ordinaria, auga e luz.

5.3. Conserxería municipal no horario establecido, que se ocupe da apertura e peche das instalacións; sendo responsabilidade do adxudicatario o bo uso das instalacións por parte do público e o cumprimento da normativa aplicable.

5.4. Mobiliario: consistente en 20 mostradores de madeira de 1,63 x 90 x 102 cm, con caixoneira.

5.5. Caballetes e tableiros

## 6.- OBRIGACIÓNS DA ADXUDICATARIA

Sen prexuízo das obrigacións establecidas no prego de condicións administrativas, a empresa ou entidade adxudicataria estará obrigada a:

- Achegar o persoal necesario para o desenvolvemento das distintas accións, así como a comercialización dos espazos.
- Abonar o prezo correspondente.
- Presentar, de ser o caso, un plan de autoprotección específico, en función da actividade para desenvolver.
- Montar e desmontar os elementos necesarios para as distintas actividades.
- Reservar, previa petición do concello, un espazo de aproximadamente 20 metros cadrados para utilización municipal.



# Concello da Coruña

- Colocar, en caso necesario, contedores e realizar a recollida selectiva de residuos.
- Limpar as instalacións, así como o mobiliario municipal utilizado deixándoo no estado inicial.
- Reservar os espazos necesarios pola súa conta, abonando as taxas correspondentes, para a carga e descarga en caso necesario.
- Non interromper nin molestar o funcionamento ordinario da venda no mercado municipal.
- Responder da calidade dos produtos obxecto da venda, sen que poidan ocasionar riscos para a saúde ou seguridade para as persoas, supoñan unha fraude de calidade ou cantidade, sexan falsificados ou incumpran os requisitos mínimos para a súa comercialización.
- Responder de que a venda se realiza de conformidade á lexislación sectorial de aplicación (formación en manipulación de alimentos, no seu caso, alta en autónomos, IAE, normativa de consumo e demais normativa en vigor).
- Responder dos danos que se produzan nas instalacións municipais pola súa actividade.

## 7.-PROHIBICIÓNS

Tratándose dun edificio protexido, sinálanse as seguintes prohibicións:


- A dotación de administración eléctrica a través ou por medio de aparellos xeradores, baterías portátiles ou aparellos similares.
- Doutra banda, está totalmente prohibida a utilización de ancoraxes que supoñan deterioración ou agresión do edificio do mercado.


## 8.- INSPECCIÓN

Os servizos municipais poderán realizar inspeccións periódicas co obxecto de comprobar o cumprimento das condicións de explotación e destas bases, así como a revisión da limpeza e hixiene das instalacións e a tipoloxía dos produtos á venda.

A Coruña, na data de firma electrónica deste documento







PLANTA PRIMERA	Escala en U
Completada	03/01/25
TOTAL m <sup>2</sup> U	633,01
TOTAL m <sup>2</sup> C	1.865,11

**MERCADO DE SAN AGUSTÍN**  
Rúa Pto XII, 1 - A Coruña, 15001  
LEVANTAMIENTO

**ayuntamiento de A Coruña**  
Concello da Coruña

**INFRAESTRUTURAS - SERVICIO DE EDIFICACIÓN**

**omicon amepro**  
CRISTINA SOMOZA GONZÁLEZ  
delineante

**cies**  
Rúa Torreiro, 13-5B3, 15003 A Coruña  
981 227 589 - [proyectos@cies-ingenieria.com](mailto:proyectos@cies-ingenieria.com)

**PLANTA PRIMERA**  
Escala: 1/200  
19 de Julio de 2015

**04**